

*Review*

# GARRIDO GONZÁLEZ, Ana

Santiago de Compostela:  
Concello de Santiago/  
Universidade de Santiago de  
Compostela. 2020. 201 pp.  
ISBN 978-84-18445-28-6

## *Xohana Torres. Da viúva de vivo á muller navegante*

Helena González Fernández  
ADHUC-Universitat de Barcelona

O Premio Xohana Torres de ensaio do ano 2020 gañouno unha monografía sobre a autora do ‘EU TAMÉN NAVEGAR’, un traballo que, a partir de agora, cómpre ter moi en conta nos estudos críticos sobre a autora e sobre a literatura galega do século xx. Trátase de *Xohana Torres. Da viúva de vivo á muller navegante*, de Ana Garrido González. Ademais dunha lectura atenta e chea de novidades sobre a novela *Adiós María*, que constitúe o miolo do libro, Garrido demórase nas figuras da espera, esas construcións literarias que, tradicionalmente, botan man das personaxes femininas para retratar o tempo detido da experiencia penelopiana, unha espera estática que agardaría polo regreso dun ser querido: Penélope por Ulises, a viúva de vivo rosaliana polo amantiño que marchou para América, Maxa —como orfa de viva— pola súa nai... A constatación das múltiples feitura de Penélope na literatura contemporánea permitiunos a Ana Garrido e a min manter conversas intensas e apaixonadas cando a súa investigación comezaba a interrogar a representación da migración galega. Declaro, logo, para que non haxa engano, que a miña lectura desta monografía está marcada pola complicitade e os encontros demorados en Varsovia, Barcelona e Vigo.

Desde as viúvas de vivo de Rosalía de Castro á orfa de viva de Xohana Torres, as figuras á espera empréganse como marcos nas leiras da emigración galega para dicir o trauma. Tradicionalmente son elas, as personaxes femininas, as que mostran de maneira metafórica, pero tamén figurada, unha ferida que forma parte, sen interrupcións, do relato da nación na Galicia contemporánea. Trauma etimoloxicamente significa *ferida*, e remite necesariamente ao corpo. Margarita Ledo Andiñón optou pola contigüidade semántica e chamoulle *cicatriz* no seu filme sobre a migración galega e das galegas a Bos Aires. En calquera caso, a emigración, esa ferida, arrastra o

GARRIDO GONZÁLEZ, Ana  
*Xohana Torres. Da viúva de  
vivo á muller navegante*  
Helena González  
Fernández

peso do trauma a través dos corpos das mulleres que, por súa vez, singularizan cada unha ao seu xeito ese aprender a esperar o regreso, pero sobre todo, aprender a esperarse a si mesmas. Mísia canta un fado que explica ben esta transformación, e coido eu que lle sería moi grato a Xohana Torres, seareira de Amália Rodrigues. Tamén Itziar Pascual reescribe o mito nese sentido. Hai moitas figuras na cultura contemporánea galega que permiten rastrexar a ferida da emigración. Garrido estuda como a 'viúva de vivo' rosaliana correspóndese logo coa muller tola en autores como Castelao, Luís Seoane, Rafael Dieste, Reimundo Patiño e Chano Piñeiro. Mais non son, ao seu ver, só metáforas da nación, senón suxeitos femininos non previstos que dán corpo a unha dor. Desa convicción parte a súa análise da protagonista de *Adiós María*.

*Xohana Torres. Da viúva de vivo á muller navegante* organízase en cinco capítulos: a biografía da autora, as figuras femininas que protagonizan a súa obra dramática, unha análise polo miúdo da novela *Adiós María*, algunhas consideracións sobre o macrotexto do desarraigamento que aparece na súa obra poética e, finalmente, nas conclusións, reúne as personaxes femininas máis destacadas da obra de Torres e ponas en relación coa Penélope navegante. Garrido defende que a obra enteira de Xohana Torres, desde a poesía á literatura infantil, mostra unha grande coherencia ao presentar as personaxes na súa vulnerabilidade, o que lles permite devir suxeitos non previstos, e mostrar o seu desacougo, cando non o seu desacordo, co papel que a sociedade tradicional lles tiña reservado como mulleres.

Como consegue rescatar a Maxa do pozo sen fondo da vitimización e a inmovilización da ausencia? Con que ferramentas fai posible Ana Garrido a contralectura da resignación na obra de Xohana Torres?

Sen dúbida acerta ao elixir o marco teórico que guía a súa análise, e que significa unha alancada máis respecto dos traballos anteriores sobre a obra de X. Torres. Refírome á contribución de Teresa Bermúdez, que leu *Adiós María* como *bildungsroman* feminino, tamén ás de Iolanda Ogando, Montse Pena e Dolores Vilavedra no monográfico que lle dedica o número 188 da revista *Grial*, ou Marisol Rodríguez na súa tese de doutoramento. Garrido acerta ao triangular a teoría feminista nas súas confluencias coa teoría crítica das emocións, as teorías sobre o espazo e xénero e os estudos migratorios.

Afirma que o corpo das mulleres é o campo de batalla no que conflúen o relato da nación e mais a historia da violencia perpetrada contra as mulleres. Dálle unha volta máis á novela de formación ao poñer en cuestión, seguindo a Sara Ahmed, o paradigma de 'promesa de felicidade' reservada para as mulleres de mediados do século XX, as que retrata Torres ao longo da súa obra literaria. E pon en relación a Maxa coa moza rara que retratou Carmen Martín Gaité. O que mostra Garrido é o desacougo e o desexo de emancipación das mulleres das xeracións de medio século. E aínda máis, defende que a vida de Maxa actúa como encrucillada das emigracións do medio século: a interior, que provoca o desprazamento do campo á cidade, e a exterior, que leva a procurar noutros países o traballo que non hai nunha Galicia en crise. *Adiós María* 'inscríbese no vértice exacto do tránsito –corporal, social, espacial, simbólico, de idade, etc.' (126). Maxa responde, segundo Garrido, ao retrato dunha 'orfa de viva' marcada polas transicións: pasou do edén rural ao inferno das casas baratas, na súa adolescencia vive a migración cara a Europa da nai e mais do pai, e como consecuencia disto, atura na súa adolescencia unha responsabilidade que non lle corresponde: responsabilizarse como 'nai' da familia, cando ela sabía que por medio dos

GARRIDO GONZÁLEZ, Ana  
*Xohana Torres. Da viúva de  
vivo á muller navegante*  
Helena González  
Fernández

estudos podería traballar e, xa que logo, ter autonomía. A adolescente Maxa non se limita ao estatismo penelopiano, corporeíza ese momento de transformación e apunta cara á Penélope navegante do poema-bandeira de Xohana Torres. Porque Maxa sabe que outra vida é posible e desexa profundamente, aínda que iso a enferme, abandonar a inmovilidade da espera para poder saír a navegar:

A novela *Adiós María* (1971) aparenta seguir a máxima de Thomas Nail, que en *The Figure of the Migrant*, resalta a necesidade de contemplar o emigrante desde o que mellor o define: o movemento [...]. Así, esta novela de final aberto non nos fala da marcha ou do retorno, senón das ‘transicións’, dos cambios que o desprazamento provoca, e de como estes afectan a unha moza de clase traballadora na Galiza da década de 1960. (63)

Ana Garrido recolle neste libro unha parte da súa tese de doutoramento, defendida na Universidade de Varsovia. Desde os comezos da súa andaina investigadora, especializouse no estudo da emigración na literatura. Interesouse por escritoras como Xohana Torres, claro, mais tamén Eva Moreda e Almudena Solana. Non é por casualidade. Detrás de cada teoría hai unha biografía, e a de Ana Garrido garda memoria intensa e experiencia propia da migración, como manifesta na súa conversa con María Alonso, recollida en *Migrantes. A nova diáspora galega contada por mulleres* (Galaxia, 2021), e aínda no primeiro texto da dedicatoria, onde conta un episodio da súa nai como emigrante en Suíza. Se cadra porque hai moita biografía neste libro, a cuberta leva unha foto da fotógrafa Judit Cendón na que aparece a propia Ana Garrido cunha maleta no peirao. Garrido, que tamén ten estudado outras escritoras recentes —Rexina Vega, María Reimóndez, Iolanda Zúñiga e a propia María Alonso—, é unha desas investigadoras xa non tan novas que tivo a oportunidade de desenvolver a súa andaina universitaria fóra de Galicia. As súas achegas, feitas desde a teoría feminista, van alén do paradigma histórico-crítico que sobrancea nos estudos literarios galegos e abren novas vías.

Deste xeito Ana Garrido súmase a unha vizosa listaxe de investigadoras que, desde os estudos de xénero e desde fóra de Galicia, enxertan pugnas no estripeiro dos estudos de xénero na cultura galega: Kathleen N. March, Helena Miguélez-Carballeira, Olga Castro... Estas investigadoras, trans-fugas no sentido sociolóxico do termo, xa que ocupan un espazo dentro e fóra a un tempo —o *entre-deux*, para dicilo con Pierre Bourdieu ou Martine Leibovici—, son fonte de coñecemento rigoroso, crítico e anovador. Benvido, logo, este Premio Xohana Torres, que abre novas lecturas sobre *Adiós María* e as representacións femininas das migracións galegas.